

## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 13 DE**

### **OUTUBRO DE 2014**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día trece de outubro de dous mil catorce, baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde dona Maria Jesús González Roel, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 6 de outubro de 2014**

A Sra. presidenta pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 6 de outubro de 2014 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

#### **2º.- Correspondencia**

- Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia (Diario Oficial de Galicia número 191, do 7 de outubro de 2014).

- Aprobación provisional da primeira relación de obras incluídas na segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2014, correspondente aos concellos de Cambre, Outes e Vedra. (Boletín Oficial da Provincia número 194, do 10 de outubro de 2014). Na relación de obras incluídas figura a obra "Mellora sg. vial DP1702 Sigrás PK 1+870 – PK 2+ 270 Sigrás" en Cambre, cun orzamento de 79.400,07 euros.

- Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas. (Boletín Oficial do Estado número 247, do 11 de outubro de 2014).

- Resolución do 7 de outubro de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as solicitudes de axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade, convocadas pola Resolución do 30 de abril de 2014 e cofinanciadas polo Fondo Social Europeo. (Diario Oficial de Galicia número 194, do 10 de outubro de 2014).

Concédense ao Concello de Cambre as seguintes axudas e subvencións económicas:

a) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento de integral da violencia de xénero (Procedemento SI435A).

. Liña 1: Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes: “Obradoiros de coeducación. Concurso “A historia das mulleres do Concello de Cambre”. Campaña “Este 8 de marzo terá nome de mulleres”. Importe: 2.655,00 euros.

. Liña 2: Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero: “Campaña de difusión para a prevención da violencia de xénero. Obradoiros de bo trato nos IES de Cambre. Actividades e campaña do día internacional contra a violencia de xénero.” Importe: 4.425,00 euros.

b) Programa de fomento da conciliación (Procedemento SI435B). “Concilia Cambre”. Importe: 10.183,80 euros.

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación**

Don Felipe Andreu Barallobre informa que o contrato de campamentos urbanos foi adxudicado á empresa “Xestión cultural Área”.

En canto á obra subvencionada do emisario da rede de saneamento no Polígono Espírito Santo, foi adxudicada a “Hordescon, S.L.” e esta semana vaise asinar o contrato.

Finalmente, a contratación da docencia do curso de marketing dixital está na fase de presentación da documentación previa á adxudicación, requirida á empresa FEUGA.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Réxime Interior**

Dona Rocío Vila Díaz informa que a partir de hoxe atópase instalada na Casa da Cultura a oficina de información do Catastro, atendida por funcionarios da Xerencia do Catastro. Permanecerá aberta dos días 13 de outubro ao día 7 de novembro de 2014. O horario de

atención ao público será pola mañá, de 9:00 a 14:00 horas, e as tardes dos martes e xoves, de 16:00 a 18:00 horas.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que teñen problemas na fonte e lavadoiro de Altamira. Atoparon un par de avarías no camiño, pero están aínda mirando a ver se atopan outras posibles avarías.

Tamén están pendentes de que lles faciliten a parte electrónica dos semáforos do Seixal, para intentar poñelos en funcionamento.

En canto á roza dos camiños municipais, informa que deberían finalizar esta semana.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Ríos Rama informa que o vindeiro venres día 17 a compañía Caramuxo Teatro representará a obra 'As fabas máxicas' no centro sociocultural do Graxal, ás 19:00 horas. É unha obra dirixida ao público familiar.

Tamén informa que dentro da programación das XII Xornadas Castrexas, o sábado 18 de outubro terán lugar unhas charlas-coloquio, ás 17:00 horas na Casa da Cultura, e o domingo 19 de outubro unha saída guiada ao Castro de Formigueiros en Samos (Lugo), con posibilidade dunha visita optativa ao Mosteiro de Samos.

Ademais, dentro da XXIII Semana micolóxica de Cambre, o domingo 19 de outubro, terá lugar a exposición de cogomelos no Parque da Igrexa de Cambre, sempre que as condicións climatolóxicas o permitan.

Por último, dentro do Festival Galicreques, o domingo 19 de outubro, ás 19:00 horas, no centro sociocultural do Graxal terá lugar unha actuación da compañía La Gotera de la Azotea (Andalucía), coa obra "El molinillo mágico".

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta María Vázquez Golpe informa que o sábado 4 e domingo 5 de outubro tivo lugar o Temple Stock e segundo os expositores e participantes este ano foi dos mellores. Quedaron satisfeitos.

Tamén informa que este mes e o de novembro vaise desenvolver unha actividade para o comercio, dirixida ao comerciante para orientalo publicitariamente de cara ás campañas do Nadal. Van recibir asesoramento por parte de xente do mundo do marketing.

En canto á feira tradicional, informa que se está controlando á xente que faltou a varias feiras e que segundo a ordenanza perderían o posto. Son poucos casos, pero vaise deixar entrar a xente que está en lista de agarda.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel informa que está aberto o prazo para as solicitudes de bolsas de estudo, do 8 ao 17 de outubro.

Di que tamén está aberto o prazo para as solicitudes da escola de nais e pais. É un programa que se desenvolve coa intención de axudar ás familias, pola complexidade da educación dos fillos.

Finalmente informa que hoxe comezou tamén o curso de monitor de comedores escolares, que se organiza entre Educación e Xuventude. Asisten 25 persoas e quedou xente en lista de agarda, unhas 60 persoas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta

A secretaria xeral

M<sup>a</sup> Jesús González Roel

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia